



*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

**ANUNCIO**

**OBRIGA DE LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DAS FINCAS**

Os incendios forestais constitúen unha ameaza moi importante para o noso entorno, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia. A vaga de lumes que asolou Galicia a mediados de outubro de 2017 provocou a morte de catro persoas e levouse por diante unhas 50.000 hectáreas, o 53% delas masa arborada.

O obxecto prioritario e fundamental da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada a raíz dos trágicos incendios acontecidos no mes de outubro de 2017, é o de incidir na protección das persoas e bens fronte aos incendios forestais.

A Lei establece unhas condicións de prevención específicas para as denominadas “redes secundarias de faixas de xestión de biomasa”, cuxa función prioritaria é a protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais. (Artigo 20.4.)

Nas redes secundarias é obrigatorio para as persoas responsables xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 m. do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei e na súa normativa de desenvolvemento. Con carácter xeral, na franxa de 50 m. non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei (piñeiros, eucaliptos e acacias). As distancias mediranse, segundo os casos: a) Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable. / b) Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas. / c) Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo, gasoleiras e parques e instalacións industriais. / d) Desde o peche perimetral no caso dos campamentos.



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

No solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23, salvo aprobación específica de ordenanza municipal ou en defecto da mesma, que poderá elaborarse de conformidade co artigo 16 da lei. (Artigo 21 ter 3.)

**TRABALLOS A REALIZAR POLOS TITULARES / RESPONSABLES DOS TERREOS:**

FRANXA	TRABALLOS DE XESTIÓN
De 0 a 15 m. (* )	Eliminación de todo tipo de vexetación herbácea, arbustiva e arbórea.
De 15 a 50 m. (* )	<u>Estrato arbustivo e herbáceo:</u> - Eliminación total da vexetación seca (vexetación arbustiva e herbácea seca) e eliminación total da vexetación arbustiva e herbácea existente na parcela (ata 20 cm.). <u>Estrato arbóreo:</u> - Corta das árbores de especies non permitidas na franxa dos 50 m. (piñeiros, eucaliptos e acacias). - En todo caso poderán conservarse outras especies arbóreas (carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros, sobreiras...) nas condicións que sinala a normativa (masas mixtas e distanciadas 7 m. entre elas, árbores de 0-11,4 m. poda ata 1/3 da altura, árbores >11,4 m. poda mínimo 4 m.).

(\* ) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións...

As persoas que resulten responsables conforme ao artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas, antes de que finalice o mes de maio de cada ano.

Bembrive, 20 de xuño de 2018

A Alcaldesa Pedánea,

Asdo.: Concepción Martínez Rodríguez

